

## **28/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2019.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as once horas e corenta e oito minutos do día dez de decembro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. María del Pilar Díaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.**

**Sra. Alcaldesa:** En primeiro lugar... en primeiro lugar corresponde a ratificación, se procede, do carácter urxente da convocatoria. O carácter urxente da convocatoria ben marcada pola necesidade de que o Pleno tome en coñecemento a renuncia ao cargo de Alcaldesa presentada por Dna. María del Pilar Díaz Otero, previo ao Pleno que corresponderá ás 12 horas de debate e votación da moción de censura. E... palabras en torno ao carácter urxente. E... Gemi... perdón, quere informar o secretario previamente.

**Sr. Secretario:** Bos días. Bueno, informar que ao meu entender a convocatoria non reúne os requisitos para o carácter urxente da mesma, tal e como esixe o artigo, entre outros, 32 do Regulamento Orgánico Municipal. Non hai ningún prazo perentorio para non... para tratar este tema antes da moción de censura, ademais recalcar que a moción sobre... ou a renuncia sobrevenida, aínda que se tome coñecemento dela, no suposto de que prosperara a ratificación da urxencia, non impide que o debate e votación da moción que hai que celebralo. E si prosperase a moción, quedaría proclamado Alcalde o candidato alternativo proposto na moción.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, unha vez que interveu o secretario do concello pasamos a dar palabras sobre o carácter urxente da convocatoria. Gemi.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, bo día a todos e a todas. Nós indudablemente íamos votar a favor da urxencia desta convocatoria, e máis que nada por que entendemos que é lóxico que sepamos o posicionamento de cada un dos grupos ante a moción de censura que se avicina dentro de... duns momentos. O certo é que non temos ningún tipo de comunicación por parte de ningún dos grupos políticos, todo o que escoitamos o escoitamos única e exclusivamente pola prensa. Pero si tamén é certo, como di o secretario, que non reúne as

condicións necesarias, entón entendemos que en caso de votala a favor pois estaríamos cumprindo cunha ilegalidade.

**Sra. Alcaldesa:** Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Si. Bos días a todos. Nós pola nosa parte votaremos en contra da urxencia polos criterios establecidos polo secretario da corporación municipal á vista de que non cumpre os requisitos reflexados no regulamento orgánico.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, se non hai máis palabras entón o... ah, perdón, José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Ben, bueno nós entendemos que si a vontade da Alcaldesa é de dimitir imos votar a favor da urxencia da... deste Pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, pois unha vez pronunciados tódolos grupos o sometemos a votación. Votos a favor, en contra e abstencións.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por 7 votos a favor (4 ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN, 3 PSOE), 5 votos en contra (5 PP) e 1 abstención (1 BNG), acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

**Sra. Alcaldesa:** ¿Prospera, ¿non?, a urxencia. Prospera.

**Sr. Secretario:** Si, porque hai sete.

**Sra. Alcaldesa:** Vale. Prospera... prospera a urxencia entón.

## **2.- RENUNCIA AO CARGO DE ALCALDESA PRESENTADA POR DNA. MARÍA DEL PILAR DÍAZ OTERO: TOMA DE COÑECEMENTO.**

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): E damos continuación ao Pleno, que sería a renuncia ao cargo da Alcaldesa presentada por Dna. María del Pilar Díaz Otero e a toma de coñecemento por parte do Pleno, abrimos un turno de intervencións, senón o Pleno xa toma coñecemento no Pleno que dende este momento queda xa dimitida a Alcaldesa do Concello de Mugar dos. E... Gemi.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, eu o que quixera é máis que nada saber que é o que vai a pasar agora coa moción de censura, se ás doce, e como ben di o secretario o Pleno hai que desenvolve-lo igual, hai que celebralo, entón quixera saber cal é a postura dos grupos en canto a esta moción.

**Sra. Alcaldesa:** Alguén... senón e... José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, nós en principio imos a... imos discutir a moción de censura no pleno da moción. O resultado pois será o que... o que sexa nese Pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, se non hai máis palabras, entón gracias a todos e levantamos a sesión. E tomamos coñecemento, por unanimidade, da renuncia da Alcaldesa. Bueno, toma de coñecemento, ¿non?, ¿vale?.

Visto o escrito presentado en data 10.12.2019 (R.E. 7935/10.12.2019) pola sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Mugar dos, Dna. María del Pilar Díaz Otero, no que, traducido e copiado, **EXPÓN:** “*Que renuncia á Alcaldía do Concello de Mugar dos permanecendo na corporación municipal como concelleira*”, e no que **SOLICITA:** “*Que previos os trámites oportunos sexa tomada en consideración*”.

E unha vez rematadas as intervencións, e tendo en conta o establecido no artigo núm. 5 do Regulamento Orgánico de Funcionamento Municipal, o Pleno da corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Alcaldesa-Presidenta desta Corporación presentada por Dna. María del Pilar Díaz Otero en data 10.12.2019, e sen que a citada renuncia supoña a perda da súa condición de concelleira.

**Sra. Alcaldesa:** Entón queda tomada... queda tomado coñecemento da renuncia da Alcaldesa e se levanta a sesión entón. Gracias a todos.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as once horas e cincuenta e dous minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta cesante levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
A ALCALDESA CESANTE,